



Presentación

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

Se calquera proxecto editorial é sempre motivo de ledicia, o volume que nos ocupa constitúe unha verdadeira satisfacción para cantos amamos e valoramos a nosa historia máis próxima, case sempre a gran descoñecida, a historia de Galicia.

Cando en decembro de 2020 tiven o privilexio de participar no acto institucional organizado para conmemorar o 500 aniversario da Asemblea de Melide, ofrecín aos alí presentes a dispoñibilidade do Parlamento de Galicia para apoiar a proposta que agora ve a luz.

Xorde, deste xeito, un libro ameno que, desde o rigor propio de historiadores como os que colaboran nesta obra, afonda no contexto e as consecuencias da Xuntanza que o 4 de decembro de 1520 congregou en Melide a nobres e prelados autoerixidos en representantes do reino de Galicia, nun escenario de incertezas e mesmo desleixamento, se se me permite a expresión, por parte da Coroa, que acababa de celebrar Cortes en Santiago de Compostela, sen que ningunha cidade galega tivese voto nelas.

Reitero con frecuencia que os españois en xeral e os galegos en particular somos grandes descoñecedores da nosa historia. Descoñecemos a historia contemporánea —a programación conmemorativa dos 40 anos de Autonomía impulsada polo Parlamento tratou, en boa parte, de contribuír a superar esa eiva— e ignoramos, se cadra aínda en maior medida, a de etapas anteriores.

O manto de silencio que, ata o de agora, rodeaba a Asemblea de Melide, dentro e fóra de Galicia, contrasta, por exemplo, co elevado coñecemento social da guerra dos comuneiros, tamén nos primeiros anos do reinado de Carlos I de España, emperador do Sacro Imperio.

Galicia, nacionalidade histórica en virtude da Constitución de 1978, conta con trazos diferenciais —nomeadamente a nosa lingua, mais tamén a nosa historia, e mesmo a xeografía ou a nosa forma de ser— dos que sentimos orgullo e que temos a obriga de cultivar e divulgar, conscientes da súa plena compatibilidade coa nosa condición de españois e europeos de pleno dereito.

Cultivarmos esta realidade implica afondarmos no coñecemento da historia, nas súas diferentes vertentes, un obxectivo ao que responde con acerto o volume que o lector ten nas súas mans.

Para o Parlamento de Galicia é unha honra, e ao tempo unha obriga, patrocinar canda o Consello da Cultura Galega a coedición desta obra, que achega coñecemento científico arredor dun acontecemento histórico tan esquecido como apaixonante.